

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2018.**

Asistentes

ALCADESA:

M.^a CRISTINA CID FERNÁNDEZ

CONCELLEIROS

Polo BNG:

BERNARDO VARELA LÓPEZ
M.^a ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ
M.^a TERESA DEVESA GRAÑA
M.^a ISABEL POISA REY
MANUEL CID PÉREZ
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA
OLGA QUINTANA DEVESA

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PsdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRÍGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

MAXIMINO JARDÓN PEDRAS

---***---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as vinte horas (20.00) do día dez de setembro do dous mil dezaioito, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros relacionados no encabezamento, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa, D.^a M.^a Cristina Cid Fernández, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria con carácter urgente polo Pleno da Corporación.

Non asistiron á sesión os concelleiros que a continuación se indican, quenes previamente comunicaron a súa ausencia por razóns persoais:

*ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ, concelleiro do BNG.
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ, concelleiro do PP.*

Sen incidencias.

ORDEN DO DÍA

- 1. Declaración da urxencia da sesión.- Aprobación si procede.**
- 2. Aprobación, se procede, dun escrito presentado pola agrupación de país e nais solicitando unha terceira aula de infantil para o CEIP Padre Feijoo de Allariz.**

---***---

- 1. Declaración da urxencia da sesión.- Aprobación si procede.**

Da conta a Alcaldesa sinalando que, despois da concentración do pasado día 6 de setembro, trasladouse a este grupo de goberno por parte do Colectivo Pro Terceira Aula o seu interese de que se pronunciara o Pleno da Corporación sobre o tema que nos leva ocupado todo o verán e que se considera de vital importancia.

O concello -afirma- non se pode mostrar alieo á problemática que se ten xenerado durante todo este verán despois da resposta desestimatoria da Consellería de Educación. Desde a Alcaldía contactose cos grupos políticos para proceder á celebración da sesión plenaria para tratar este servizo que se considera esencial. O motivo de facelo con carácter extraordinario e urxente é que mañán, día 11, efectuaránse os últimos nomeamentos de mestres para o curso académico 2018-2019 e, polo tanto, o concello está interesado para que a primeira hora da mañá esté na sede da Consellería o pronunciamento deste pleno municipal. Por este motivo solicítase o voto favorable á declaración da urxencia da sesión antes de entrar no fondo do asunto.

Non hai intervencións por parte dos grupos políticos.

Apróbase pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta corporación local a declaración da urxencia da sesión.

- 2. Aprobación, se procede, dun escrito presentado pola agrupación de país e nais solicitando unha terceira aula de infantil para o CEIP Padre Feijoo de Allariz.**

Da conta a propia Alcaldesa do escrito de data 6 de setembro do 2018 presentado polo colectivo Pro Terceira Aula co teor literal que figura na parte resolutiva do presente acordo, que non se recolle nesta exposición por economía procesal.

Logo da lectura íntegra do texto presentado, a Alcaldesa expresou a posición do grupo de goberno do BNG sinalando que, se ben é coñecida a postura do grupo de goberno sobre este asunto, considera convinte facer algunha puntualización ao respecto.

Así, considera a Alcaldesa que éste é un bo exemplo de cómo unha decisión política pode alterar un escenario que ata xuño deste mesmo ano era completamente diferente do se nos presenta agora mesmo.

No mes de xuño, hai dous meses e medio, o CEIP Padre Feijoo contaba con 3 aulas de 4º de infantil. Non estamos solicitando unha aula mais, estamos solicitando que non se recorte a aula coa que xa se contaba daquela.

Por activa e por pasiva existía a comunicación por parte da Consellería de Educación, a través da Inspección Educativa, de que ese sería o escenario para o curso 2018/2019.

Sen embargo, no mes de xullo, cando xa non había claustro de profesores, tampouco existía o Consello Escolar e non podía pronunciarse, faise esa comunicación e anúnciase pola Consellería de Educación que se recorta unha unidade e que polo tanto que pasaríamos a ter esas dúas aulas no citado curso.

Ao mesmo tempo, o 20 de xullo a Consellería de Educación aproba unha Orde pola que se modifican os concertos educativos cos centros docentes privados aumentando 31 unidades concertadas.

Por resumir: 54 aulas menos no ensino público no curso 2018/2019 e 31 unidades concertadas mais no mesmo curso 2018/2019, 16 aulas mais que o ano pasado, mentras se recortan 54 aulas no ensino público.

En total van a perderse 58 docentes, e no noso caso, a aula coa que xa contábamos.

Dende este grupo de goberno, sinala a Alcaldesa, queremos manifestar tamén, e considera que é de interés coñecer que a ratio de alumnos por aula non sempre estivo situada en 25 alumnos por aula, senón que mudou de 20 a 25. É dicir, o actual goberno autonómico foi quen cambiou, a través dunha Orde a ratio pasando de 20 a 25 alumnos por aula. Polo tanto, xa cunha merma importante na calidade educativa cando se pasa de 20 a 25 alumnos por aula; se a isto se lle suma que nesa ratio non cumputan aqueles nenos que pola circunstancia que sexa é necesario que repitan curso ou que se matriculen despois de setembro, estamos falando de clases que superan con creces os 26 alumnos e alumnas. Por exemplo, 3º de primaria en Allariz vai ter dúas aulas con 25 alumnos cada unha, 4º de primaria 1 aula de 25 alumnos e 1 aula de 26 alumnos, 5º de primaria 1 aula de 25 alumnos e outra aula de 26 alumnos, en total van ser 429 nenos e nenas os que estén escolarizados no curso 2018/2019 en Allariz.

Equivócanse aqueles que discuten que entre 25 e 26 alumnos o número é indiferente. En realidade non estamos falando entre 25 ou 26, estamos falando de 17 ou de 26, que é moi diferente. O grupo de goberno de Allariz cree que mentras se está dando esta situación, por parte da Consellería estase blindando ata o curso 2022/2023 o acordo cos centros educativos privados concertados, e gustaríalle que ese mesmo blindaxe de medios e de garantías se dera tamén na ensinanza pública. Non existe ningún criterio educativo, que avale unha ratio semellante. Nas conversacións que, tanto o Colectivo que está eiquí presente, como as conversacións que este grupo de goberno mantivo tamén coa Delegación, fixemos fincapé neste dato. É importante salientar que só un criterio económico avala unha ratio destas características. Non hai ningún criterio educativo que poda avala semellante ratio cando estamos a falar dunha educación infantil de nenos e nenas destes anos. Comunicábamoslle tamén á Consellería que cando estamos falando dunha idade na que é necesario facer o acompañamento para todas as tarefas: vestirse, cambiarse, ir ó baño, o proxecto educativo pasa a estar nun segundo plano e que polo tanto que

confiábamos, como eles nos dician, na calidade e no bo facer do profesorado, o concello tamén ten esa confianza, pero ese profesorado debe estar acompañado de medios tamén, e polo tanto non podemos descargar só na comunidade educativa e no profesorado unha ratio semellante se isto non vai acompañado duns medios económicos suficientes para poder atender esta demanda que se produce en Allariz e que ano tras ano sigue aumentando.

Estamos falando dun concello que incrementa a súa poboación ano tras ano, e que polo tanto as previsións da Consellería deberían centrarse nun padrón municipal que cada ano arroxa uns datos entre 55 e 60 novos nacementos, e polo tanto as previsións que ten que facer a Consellería deben estar de acordo co número de nacementos e de empadroados en Allariz.

O concello cree que fronte a este panorama Allariz ten sorte de ter unha poboación que está disposta a loitar polo que é xusto; disposta a loitar polo que lle corresponde, porque a ensinanza pública esté dotada polos medios necesarios para poder traballar nas mellores condicións. Non podemos con fondos públicos adicarnos a mellorar a ensinanza privada fronte á pública. As mobilizacións realizadas durante este verán por este Colectivo e tamén polo profesorado que tamén ten eiquí unha representación foron modélicas, imaxinativas e tamén rotundas e claras nas reivindicacións ou, como decía un periodista que falaba con nós, foi unha protesta “estilo Allariz”. Debemos estar agradecidos polo tanto a este Colectivo que non só pelexa por este curso 2018/2019, senón que o está facendo tamén polos vindeiros cursos. E que polo tanto, está pelexando pola calidade educativa que tanto costou conseguir, que non queremos perder con estes recortes educativos.

Polo tanto, -considera a Alcaldesa- despois das mobilizacións deste verán, e da exposición que acabamos de facer, obvia dicir que o voto do BNG vai ser favorable a aprobación do escrito tal e como se presentou por parte do Colectivo Pro Terceira Aula e como xa foi adiantado telefónicamente ós dous grupos municipais.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que desexa empezar a súa intervención recoñecendo o labor que leva feito o Colectivo e sumánselle á petición, que o seu grupo vai apoiar como sempre ten feito cando se fala das necesidades dos nenos e das nenas de Allariz. Pero tamén quere comentar, e os datos que vai a facilitar o avalan, algunhas cousas que seguramente habería que matizar un pouquiño porque dicir que Allariz e o CEIP de Allariz sofre discriminación é faltar en certo modo á verdade. Os datos o demostran. E o que hoxe está a suceder coa 3ª aula tampouco é unha cuestión de recortes, porque os datos que todos temos sobre a implicación da Consellería de Educación en inversión durante os peores anos da crise así o avalan. Hoxe contamos cunhas instalacións inmejorables en Infantil. Certo é que Allariz merece eso e moito mais, e que o feito de que Allariz non perda poboación escolar senón que ano tras ano aumente, é digno de mención, tamén o é o feito de que o noso colexio teña matriculados nenos doutros concellos limítrofes. Significará elo que a calidade educativa do noso centro escolar é importante para eses pais.

Estas instalacións que hoxe disfrutan os nenos e nenas de Allariz foron froito do esforzo da Xunta de Galicia e da tenacidade deste grupo municipal Popular que prometera loitar por esa ampliación no programa electoral do ano 2007 e o fixo ata o final. Ampliación que costou 1.200.000 euros e que no seu momento vivimos algunhas tensións, admite, por retrasos que tampouco foron achacables á Xunta de Galicia senón a quen tiña que por os terreos a disposición antes e quen tiña que urbanizar os accesos despois. Por tanto, Allariz non sofre ningunha discriminación nin recortes, ó contrario. De feito o monto da inversión no CEIP de Allariz cos gobernos do Partido Popular en Galicia ascende a un total de 1.626.602 euros. Dicir tamén que cando as necesidades reais son de xustiza a Consellería de Educación estivo ó lado de Allariz, e aínda que estes días se escoitaba dicir que todo é política, non todo é política, afirma. Coa educación a política sempre debe quedar ó marxe aínda que dende a política temos que apoiar as

reivindicacións que se fagan dende a sociedade, porque para eso tamén eles representan á sociedade. Recorda que se fixo en contra da opinión e da presión de concellos limítrofes como Baños de Molgas e Xunqueira de Ambía, polo que a Xunta de Galicia non discrimina políticamente a ninguén, con elo refírese ó cambio de horario que se fixo no 2013 que levaba posto neste coléxio desde o curso 1989/90, un horario incompatible coa conciliación familiar.

Entenderán quen es non coñezan este feito, ou que non o recorden, que entrar ó coléxio ás 10 da mañan, que era o horario que tiñamos ata o ano 2013 era contrario a calquer medida de conciliación. Daquela, a APA e este grupo municipal Popular mantiveron diversas reunións e conseguiuase o obxectivo, sen ruído e sen coaccións políticas de ningún tipo, e recórdalle ó grupo municipal do BNG que daquela, como grupo, non se implicaron de forma tan contundente cos pais e nenos de Allariz, tamén recorda que desde esta alcaldía se chegou a dicir que Allariz contaba cunha boa aula de espera, que o concello puña a disposición dos pais e que non era prioritario o cambio de horario. Cambio de horario que facilitou a conciliación a todos os pais e nais de Allariz e que que reducía enormemente os gastos das familias que necesitaban os servizos da aula de espera, porque non é o mesmo pagar unha hora que dúas. Con todo isto, que é bo recordar, o grupo municipal do Partido Popular sempre estará a favor de cubrir as necesidades de todos os alaricanos e especialmente dos nenos e das nenas.

Politizar a vida educativa non é a mellor receta para o desenvolvemento emocional dos nenos e que o que hoxe vemos, se todas as partes sabemos atopar o mellor para os nenos e as nenas buscaremos o mellor diálogo. Desde a Consellería de Educación non se pechou a porta a ningún momento a apertura desa 3ª aula se as circunstancias que hoxe temos de 51 nenos cambiase. E este grupo vai estar atento a este compromiso porque é de lei, e comprende que se ten que cumprir. Podemos coincidir en que 25 ou 26 nenos é unha ratio elevada en aulas de nenos de 3 anos, pero cumpre coa lei. E están fixadas as unidades e os postos de traballo do profesorado de educación infantil, primaria e de especialistas, seguindo estrictamente as normas xerais sobre catálogos nos centros de traballo públicos fixadas no acordo firmado pola Consellería de Educación e as Organizacións Sindicais o 8 de xuño do 2007 baixo a gobernanza do bipartito.

A normativa estatal e autonómica en vigor neste momento, e se os datos dos que ela dispón non son erróneos establecen os requisitos mínimos no artigo 157.1 da LOE e os artigos 7, 11, e 16 do RD 132/2010, do 12 de febreiro. O artigo 4 da Orde da Consellería de Educación de 12 de marzo do 2013 fai unha referencia expresa a esta cuestión para a estimación das vacantes: 25 por unidade; educación secundaria obrigatoria, 30 por grupo e bacharelato 33 por grupo. Estas regras teñen as excepcións previstas no artigo 87.2 da LOE (incremento de ata un 10% no número máximo de alumnos e alumnas por centros públicos e privados concertados nunha mesma área de escolarización, ben para atender necesidades inmediatas de escolarización do alumnado de incorporación tardía por traslado da unidade familiar ou acollemento familiar.

Dito isto, sinala a concelleira, repasando os datos dos que dispón respecto da normativa estatal e autonómica e recordando a implicación que o seu grupo sempre mantivo cos pais e nais, nenos e nenas de Allariz e con todos os seus veciños, insiste en que estará ó lado do benestar dos nenos e nenas de Allariz e estarán atentos ós cambios que se podan producir e se se deran as circunstancias reclamarán de forma inmediata o compromiso adquirido pola Xefa Territorial que explicou fai un momento a Alcaldesa e que eles coñecían polos medios de comunicación. Sen mais, en pro de que este apoio poda servir tamén para un último intento antes deses nomeamentos que se teñen que producir mañan, o seu grupo apoia esta iniciativa.

Por parte do grupo socialista, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, sinala que o voto do seu grupo vai ser favorable, ademais de ter manifestado xa o seu apoio nas redes sociais, mesmo xa expresaron presencialmente o seu apoio a todos os pais e nais que hoxe están presentes nesta sesión. Ademais de considerar que todas as reivindicacións que se poñen de manifesto no documento do que deu conta a Alcaldesa, ademais de xustas, considera que se adaptan á dereito, polo tanto reitera que o seu grupo vai votar favorablemente e comunica que a través da deputada no Parlamento, Noela Blanco, formularse algún tipo de interpelación no

Parlamento Galego e a resposta que se lle transmita serálles comunicada.

Intervén finalmente a Alcaldesa para sinalar que desexa facer algunha puntualización a respecto dalguha afirmación que se fixo anteriormente pola portavoz do grupo municipal do Partido Popular. Con respecto á se o CEIP de Allariz sofre ou non discriminación e con respecto ó investimento feito pola Consellería de Educación pregúntase se é un trato de favor ter unha ampliación dun colexio tan necesaria como a de Allariz, zónde pensaba a Concellería que se podían escolarizar os nenos e as nenas, acaso no patio? pregúntase a Alcaldesa. Era necesario, era imprescindible facer a construción dun novo centro educativo escolarizar ós nenos e as nenas que cursan os estudos de educación infantil porque físicamente xa non había espazo para albergalos; este ano van ser 429 estudantes. Polo tanto, unhas instalacións que estaban pensadas para un número sensiblemente inferior de alumnado non podía dar cabida para tantos alumnos como os que conta Allariz hoxe. Polo tanto, tildar de privilexio ou de trato de favor o feito de que constrúa un centro tan necesario non se axusta á rigurosidade.

Con respecto a se se fai ou non política desto, claro que é política, porque todo é política, afirma. Ésta é unha decisión política porque na mesa dun Conselleiro pódese cambiar hoxe mesmo. Que existan unhas leis que aprobaron os gobernos do Partido Popular e cambiaba a ratio de 20 a 25 alumnos non significa que poda haber 20 alumnos por aula; é unha decisión que a propia Consellería de Educación pode tomar en calquer momento, volver outra vez á ratio dos 20 alumnos, que sería o aceptable, e senón, coa mesma ratio aprobada o Conselleiro tamén pode tomar a decisión de que as aulas non sobrepasen os 20 alumnos por aula. Polo tanto, claro que é unha decisión política que atende fundamentalmente a dúas cuestións: primar o ensino concertado, privado, sobre o público, e outra, primar os criterios económicos sobre os educativos, para que se vaia producindo un trasvase da educación pública á privada na búsqueda dos pais e nais da mellor calidade educativa, porque a educación pública a base de ir deteriorándose con perda de medios e recortes importantes acabará sendo considerada como unha educación de segunda e polo tanto haberá un volco maior hacia a educación concertada. É unha estratexia perfectamente deseñada que se van dando nos últimos anos. Non é preciso tildar de posicionamento político cando en realidade eso é así; e non hai que pensar que elo é malo de por sí, como se a política fora algo censurable. Que sexan 25 e non 20 é política, afirma. Polo tanto, se é bo ou non politizar ós nenos e nenas sobre estas cuestións, a Alcaldesa considera que os pais e nais son perfectamente conscientes do que están facendo o cal é de agradecer por parte dos grupos que así o están facendo porque non hai maior contribución para as novas xeracións que ensinalle a defender os seus dereitos. Ensinalles dende pequenos que deben pelexar polo seu futuro e que se as cousas non veñen feitas hai que buscalas e hai que pelexalas, e polo tanto é a maior contribución que lle podemos facer ás nenas e nonos que temos en Allariz.

Tamén quere facer a Alcaldesa unha mención ás reivindicacións e mobilizacións que se teñen feito en anos pasados, porque é verdade que Allariz acumula un histórico de reivindicacións en materia educativa. Algunhas das persoas que hoxe están eiquí presentes nin siquiera vivían en Allariz, outras nin siquiera tiña nacido cando empezaron as reivindicacións en materia educativa en Allariz, pero outros recordamos a de fai 25 anos e aquelas mobilizacións nas que nos trasladábamos en autobuses diante a Consellería en Santiago para reclamar melloras educativas. Eso ten sido unha constante en Allariz durante anos, do cal o grupo de goberno, o BNG, está orgulloso, afirma a Alcaldesa, pódose ó frente xunto co alumnado, cos grupos escolares, con toda a comunidade educativa, con pais e nais, ó fronte das reivindicacións.

Non é un privilexio entrar ás 9 da mañan, é un dereito, o que non era de recibo era entrar ás dez e media da mañá. Non pode a Consellería vendernos como un privilexio especial o cambio de horario de entrada no colexio ou as novas instalacións para o comedor que tanto esforzo custou conseguir, para que os nenos e nenas non tiveran que facer dous turnos e que motivou moitas mobilizacións por parte de moitas das persoas que hoxe eiquí están presentes, e conseguilo non foi un privilexio para con Allariz senón un dereito que se tiña e polo que se pelexou. Para rematar,

a Alcaldesa quere facer mención a unha frase que publicaba un veciño de Allariz nas redes sociais, Daniel Piñeiro, acompañada dunha fotografía do Colectivo Pro Terceira Aula e que no pé de foto puña: *en Allariz a dignidade veu para quedarse*. Efectivamente, esto é motivo para estar de noraboa. En definitiva, reitera a Alcaldesa o voto favorable do BNG.

No turno de réplica, a portavoz do grupo municipal do Partido Popular, Luz Doporto Real, simplemente quere aclarar que en ningún momento ela falou dos privilexios aos que a Alcaldesa acaba de referirse. Polo demais, reitera o seu posicionamento a favor, nos termos xa expostos, sen prexuízo das discrepancias políticas u ideolóxicas que cada ún teña ao respecto, porque no común e no importante van estar de acordo, conclúe.

Por parte do grupo socialista non se fai uso do túrno de réplica.

Polo exposto,

O Pleno da Corporación, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta corporación local, acorda aprobar o escrito de data 6 de setembro de 2018 presentado polo colectivo Pro Terceira Aula, a favor da terceira aula para o cuarto curso de infantil do CEIP Padre Feijoo de Allariz nos seguintes termos:

Por parte de persoas vinculadas na educación das/os nosas/os fillas/os nos foi comunicada a resolución da Consellería de Educación pola que se acorda reducir a dúas as liñas de escolarización previstas para o vindeiro curso 2018-19 no C.E.I.P. Padre Feijoo de Allariz no segundo ciclo de educación infantil.

Esta decisión da Consellería non se axusta a dereito toda vez que de conformidade co establecido no artigo 4 a) da Orde do 12 de marzo de 2013 (que desenvolve o Decreto 254/2012, de 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación), no segundo ciclo de educación infantil e educación primaria o número de alumnos e alumnas que determinarán a unidade escolar é de 25.

A día de hoxe constan matriculadas/os 51 alumnas e alumnos e, polo tanto, excédese o baremo legalmente establecido na citada Orde (sen contarmos aínda coas posibles matriculacións que se poidan producir en setembro e ao longo do curso).

Con data de 23 de Xullo, remitimos escrito á Xefatura territorial de Ourense da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria, onde solicitabamos que se corrixa esta situación e se aplicara o baremo tal e como recolle a lei, polo cal se tería que abrir unha terceira liña para o ciclo de 4º de Infantil que contaba xa nese momento con 51 matrículas.

Por isto, a actitude que adopará o Concello de Allariz ao respecto trascenderá das reivindicacións que veñen expresando o Colectivo Pro Terceira Aula. Diante dos recortes de dereitos que se veñen producindo, manifestamos:

- DENUNCIAMOS a discriminación á que ven sendo sometido o C.E.I.P Padre Feixoo de Allariz e, consecuentemente, o seu alumnado. Consideramos inadmisíbel que se infrinxan as disposicións legais citadas.

- DENUNCIAMOS as manifestacións realizadas por parte dalgúns cargos públicos, por entender que sitúan o alumnado do C.E.I.P Padre Feixoo de Allariz como simples números tutelados e fóra do amparo das leis. É imprescindible comprender que a normativa vixente é de obrigado cumprimento polas institucións públicas.

Por todo o sinalado, o Concello de Allariz comprométese, avanzando na construción

dunha educación pública de calidade, a apoiar a loita do Colectivo Pro Terceira Aula, baseándose no escrupuloso respecto á lexislación vixente, así como a instar do Goberno galego o cumprimento da lei e o exercicio honesto e responsable do poder a fin de que polas autoridades obrigadas á xestión da educación pública de Galicia se recoñeza a pertinencia da solicitude do antedito Colectivo e a inmediata apertura da terceira aula para o 4º curso de infantil no C.E.I.P. Padre Feixoo de Allariz.

Desde as institucións e desde a máis próxima, o Concello, debemos asumir a nosa responsabilidade social e política perante os graves feitos que se denuncian. Só desde a asunción destas responsabilidades como propias se derivará o necesario compromiso de cambio que toda a Galicia Interior precisa a fin de conxurar os males que a tollen e a abocan á despoboación e ao consecuente recorte dos servizos sociais máis básicos.

Por todo o que se vén de dicir, o Concello de Allariz:

COMPROMÉTESE, dentro do seu ámbito de competencias e en cumprimento da lexislación vixente, a apoiar as reivindicacións do Colectivo Pro Terceira Aula e a instar das institucións competentes o desenvolvemento dunha política institucional activa, completa e favorable aos dereitos debidos para co alumnado do C.E.I.P. Padre Feixoo de Allariz, así como ao desenvolvemento de políticas a favor do desenvolvemento social e económico da Galicia Interior.

COMPROMÉTESE a transmitir a necesidade de que sexa atendida a solicitude dun/ha profesor/a máis en función do número de alumnos e alumnas matriculadas no 4º curso de Infantil 2018-19, destinando a tal efecto os recursos que sexan necesarios, tal como establece a Lei e é desexo de nais, pais, titores e titoras legais e do persoal laboral do C.E.I.P. Padre Feixoo de Allariz.

E non tendo mais asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte horas e trinta e seis minutos do mesmo día do seu comezo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

A ALCALDESA, M^a Cristina Cid Fernández.

Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE